

CASTELAO



Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, nado en Rianxo o 29 de xaneiro de 1886 e finado no exilio en Buenos Aires (Arxentina) o 7 de xaneiro de 1950, está considerado o Pai do nacionalismo galego. Castelao foi un intelectual comprometido coa terra e co país. Na súa persoa reuníanse as facetas de narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político galego, chegando a ser a figura máis importante da cultura galega do século XX. Ademais, estudiou medicina, pero confesaba: "*Fíxenme médico por amor ao meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade*".

OBRA

Narrativa

Iniciouse na narrativa con relatos curtos publicados na prensa da época a partir de 1919. A súa visión literaria tenta desmitificar os tópicos costumistas cun humorismo sarcástico e, de cando en vez, esperpéntico.

- *Un olllo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922) é unha novela curta de carácter humorístico centrada no tema de ultratumba: un esqueleto narra a súa actual vida nun cemiterio. Foi traducida ao éuscaro, ao castelá e ao francés.
- *Cousas* (1926, 1929) reúne un conxunto de 45 relatos breves acompañados dunha ilustración.
- *Os dous de sempre* (1934) é a única novela longa de Castelao. Presenta a biografía paralela dos dous personaxes, Pedriño e Rañolas, amigos dende a infancia e que encarnan dous xeitos diferentes de concibir a vida.
- *Retrincos* (1934)

Teatro

- *Os vellos non deben de namorarse* (1953). Comedia que conta os amores tardíos de tres vellos con tres mozas novas.



—Por que non queres le a miella, rapaz?
—Porque... porque sempre me preguntan o que non sei.